

INICIATIVA LEGISLATIVA POLA DEFENSA DOS RÍOS

CAMPAÑA ILP RÍOS

Xan Carlos Fernández*

Se alguén que non coñecese Galiza e lle dixesemos que é un País que ten mil ríos, esa mesma persoa preguntaríaes cántos lugares haberá entorno a eses ríos, cántas pontes atravesarán eses ríos e cántas persoas dependerán directa ou indirectamente deses ríos. A campaña da Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) pretende chegar a todos eses recunchos e persoas.



Morrito Nereellos

Desfeita ambiental no río Ulla a altura de Brandariz por mor da construción dunha minicentral

O intricado da xeografía galega e a peculiar distribución e asentamento territorial da poboación é un dos factores que debemos ter en conta á hora de tratar de establecer unha campaña que poida chegar minimamente a todos os recunchos. Un factor determinante no deseño da extensión da recollida de sinaturas ao que non é doado facerlle fronte, cando o obxectivo é tecer unha rede de difusión que xere debate tamén a nivel da rúa.

O punto de arranque establecérono 19 organizacións, con estrutura interna propia e, polo tanto, moi diferentes entre si, que se dispuxeron a tecer unha malla de distribución propia da Iniciativa. Nalgúns casos a rede de distribución funcionou moi axiña correctamente e o material puido chegar con celeridade a cubrir todo o País, namentres que houbo organizacións que tiveron máis dificultades para distribuír o material da campaña.

No que levamos andado de campaña xa vale para tirar algunhas conclusións e experiencias da rodaxe da Iniciativa:

Atopou receptividade inmediata nos medios de comunicación nos primeiros momentos, quizás por mor da "crise da auga" que se viviu neste inverno que acabamos de deixar.

A poboación xa estaba sensibilizada coa problemática da afectación dos ríos aínda que o problema dos encoros e minicentraís non fose visualizado por todos coma o máis grave que temos.

Existen distintos graos de sensibilización en función dos grupos de idade e do nivel cultural. Así, a xente maior que coñeceu os ríos no seu estado natural senten por eles unha psicoafectividade que lembran con agarimo cando lles serviron de sustento en épocas difíciles e tamén como lugares para o lecer dos que disfrutaron na súa infancia.

A xente moza, na súa meirande parte, non lembra os ríos sen encoros e por tanto teñen outro grao de implicación na campaña porque senten como algo que lle furtaron aínda que non todos son quen de sinalar aos responsábeis.

Nas explicacións ofrecidas a pé de rúa sempre xurde un inevitábel debate sobre a enerxía. Dalgunha maneira todo o mundo termina por querer saber por qué non son precisos máis encoros e tamén qué razóns levan a que se sigan a construír máis aproveitamentos hidroeléctricos.

Pero como a campaña non só tiña coma destinatarios á poboación galega, senón tamén aos nosos dirixentes públicos, é interesante recoller as reaccións dalgúns deles co fin de dar unha visión completa do debate xerado. Os gobernantos relacionados coas competencias en temas de ríos (ambientais, industriais, infraestructuras...) víronse forzados a ter que mudar o tradicional discurso de que os encoros son necesarios porque é necesaria a enerxía. A campaña tamén obrigou a que tivesen que saír a debater publicamente o problema da

contaminación dos ríos e a falta de depuración das augas residuais nos núcleos urbanos.

Os efectos da campaña non son cuantificábeis a tan curto tempo, tres meses, senón que se terán que medir co cronómetro máis adiado. É moi salientábel a implicación que está tendo xente particular a pé de rúa que no futuro se poderán incorporar ao movemento ecoloxista, persoas que, até o de agora, non tiveran contacto directo con organizacións ecoloxistas pero a través da Iniciativa están adquirindo unha práctica organizativa de campañas en defensa do ambiente que redundará en proveito para facer unha sociedade máis autoorganizada, máis responsábel e máis crítica.

*Xan Carlos Fernández é traballador da campaña ILP Ríos

RECORD DE ASINATURAS EN MES E MEDIO DE CAMPAÑA

A 22 de maio, a ILP para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos sobrepasaba xá os 23.000 asinantes. Este apoio deixa patente que a xente está sensibilizada co problema. A cidadanía expresa a súa preocupación polo estado actual dos ríos e di que non quere ser responsábel dos atentados ecolóxicos que cometen os poderes públicos ao fomentar a proliferación de encoros e minicentraís. Pola contra, a sociedade toma como propio o obxectivo de garantir o bono estado dos nosos ríos.

Tras o adiamento electoral, o prazo de recollida de sinaturas continuará até o mes de xuño. Por tanto, se aínda non tiveches ocasión de asinar, ou se queres axudar na campaña, non desaproveites esta oportunidade.

Contacto:
ilprios@adegagaliza.org
www.ilprios.org